

## **O Barco de Valdeorras**

### **Edicto**

O Pleno desta Corporación municipal, na sesión que tivo lugar o día 2 de decembro de 2004, aprobou definitivamente o Regulamento municipal regulador do servizo de ordenación e regulación do aparcamento de vehículos na vía pública (ORA), cuxo texto é o seguinte:

### **REGULAMENTO MUNICIPAL REGULADOR DO SERVIZO DE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DO APARCAMENTO DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA (ORA).**

#### **Exposición de motivos.**

A escaseza de solo dispoñíbel con destino a aparcamento e o aumento do parque automobilístico da vila do Barco de Valdeorras nos últimos anos, postulan a necesidade de regular un servizo público municipal de estacionamento de vehículos na vía pública, co fin de acadar a satisfacción do interese público mediante unha distribución racional e equitativa dos estacionamentos entre todos os usuarios e para proporcionarlles aos cidadáns un maior benestar e unha mellor calidade de vida.

En consecuencia, e de conformidade co disposto nos artigos 4.1 a) e 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude das facultades que lles confire aos concellos o artigo 38.4 en relación co 7, 39.2, 53, 65, 70 e 71 do Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre o tránsito, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (modificado pola Lei 19/2001, do 19 de decembro), e mais os artigos 90.2 "in fine", 93, 154 e 171 do Regulamento xeral de circulación aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, dítase o presente regulamento, cuxo contido é o que segue:

#### **Artigo 1º.**

Establécese no municipio do Barco de Valdeorras, con incidencia e aplicación unicamente na súa capitalidade, o servizo de estacionamentos regulados de vehículos na vía pública (ORA), cuxa ordenación e regulación de aparcamentos se regula a través do presente regulamento.

O establecemento do devandito servizo ten como obxecto ordenar e mellorar os estacionamentos de vehículos que como consecuencia do desenvolvemento e incidencia do tránsito rodado se produzan nas vías públicas que se indican, nas cales se establecen medidas coa finalidade de que o antedito obxectivo se cumpra.

#### **Artigo 2º.**

Esta regulación implica a limitación do tempo de estacionamento na vía pública, coa localización das zonas e o seu ámbito territorial de aplicación.

#### **Artigo 3º.**

A zona do concello que regula este servizo público denomínase zona ORA (Operación reguladora do aparcamento) e comprende as seguintes vías urbanas:

Conde Fenosa
Abdón Blanco
Eulogio Fernández
A Estación
Príncipe de Asturias
Marcelino Suárez
Paseo do Malecón (zona Casino)
José Otero
Academia Dequidt
Doutor Pérez Lista
Pescadores
Álvaro Cunqueiro
A Valorca
España

Todas estas vías públicas poderán ser reguladas nunha zona única ou en distintas zonas e subzonas en función do seu mellor aproveitamento.

Exclúense os espazos reservados para pasaxes permanentes, carga e descarga nas horas sinaladas, mercados ao aire libre durante a súa celebración, estacionamentos de minusválidos, reservas oficiais, paradas de bus e taxi, servizos de urxencia, rúas peonís ou treitos de rúa onde estea prohibido o estacionamento.

Poderanse destinar determinadas rúas ao uso exclusivo dos residentes.

#### **Artigo 4º.**

O servizo público ORA prestarase consonte co seguinte horario:

De luns a venres de 10.00 a 14.00 e de 16.30 a 20.30 horas.

Sábados de 10.00 a 14.00 horas.

- Domingos e festivos: libre.

Facúltase a Alcaldía para modificar, ampliar ou reducir o devandito período de maneira transitoria e por razóns de interese público debidamente xustificadas.

#### **Artigo 5º.**

O tempo máximo que un vehículo pode permanecer estacionado na zona ORA na mesma vía durante o horario de actividade do servizo público é de dúas horas, de utilizar o ticket ou parquímetro particular autorizado.

Fican excluídos:

- a) Os vehículos de residentes que poden estacionar sen límite máximo de tempo nas súas respectivas zonas ORA de conformidade co previsto nesta ordenanza.

As motocicletas, ciclos, ciclomotores e bicicletas.

- b) Os vehículos estacionados en zonas reservadas para a súa categoría ou actividade.
- c) Os vehículos en que se estean a realizar operacións de carga e descarga, na zona sinalada para tal fin e dentro do horario marcado, ou ben, fóra da devandita zona, sempre que a operación teña unha duración inferior a cinco minutos.
- d) Os vehículos autotaxis cando o condutor estiver presente.
- e) Os vehículos en servizo oficial, debidamente identificados, propiedade de organismos do Estado, da comunidade autónoma, da provincia ou do concello, que estean destinados directa e exclusivamente á prestación dos servizos públicos da súa competencia, cando estean a realizar tales servizos así como os de compañías prestadoras de servizos públicos necesarios polo tempo indispensábel para realizar o seu labor.
- f) Os vehículos destinados á asistencia sanitaria que pertencen á Seguridade Social ou á Cruz Vermella e mais as ambulancias, mentres estean a prestar servizo, ou os profesionais debidamente acreditados.
- g) Os vehículos automóbiles en cuxo interior permaneza o condutor ou pasaxeiro maior de idade, sempre que o tempo de estacionamento for inferior a cinco minutos.
- h) Os vehículos de servizos funerarios, cando estean a prestar servizos.
- i) Os vehículos propiedade de minusválidos, cando estean en posesión da correspondente autorización especial que expide a administración municipal.

#### **Artigo 6º.**

As vías públicas que constitúen a zona de aplicación deste servizo público serán obxecto da debida sinalización horizontal ou vertical, segundo se determina no Regulamento xeral de circulación (Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro).

#### **Artigo 7º.**

1.- Coa finalidade de garantir o cumprimento do presente regulamento, o servizo de estacionamentos regulados de vehículos na vía pública estará dotado dos medios materiais e persoais necesarios, así como dos medios de control que aseguren a eficacia e a efectividade do servizo. O amentado servizo poderase xestionar de maneira directa ou indirecta, e unha das formas posíbeis de xestión indirecta é a da concesión.

2.- O Concello, polos seus propios medios ou a través dos que lle preste, de ser o caso, o concesionario do servizo, expedirá os documentos que acrediten a autorización dos diferentes estacionamentos que se produzan dentro do horario establecido nas rúas obxecto da prestación do servizo e que poderán ser os seguintes:

- a) Tícket horario de aparcamento, obtido nas máquinas expendedoras instaladas na vía pública, coa introdución de moedas, e indicará o día, o mes e a hora e mais os minutos máximos autorizados de estacionamento e a cantidade pagada.
- b) Tarxeta de vehículos co distintivo de residentes; neste caso, a tarxeta indicará a zona ou as rúas en que se ten a consideración de residente.
- c) Tarxeta para os vehículos de minusválidos.

3.- Ademais das anteriores, en casos excepcionais e en función do interese público da actividade desenvolvida, a Xunta de Goberno Local, a proposta da Alcaldía, poderá outorgar “tarxetas especiais” co horario que nelas se determine, e que mesmo pode ser ilimitado. Estas tarxetas especiais terán validez polo período de tempo (non superior a un ano) e na zona ou zonas que se establezan nelas. Polos mesmos motivos que para a súa concesión, poderán ser renovadas.

O procedemento para o outorgamento destas tarxetas especiais será o seguinte:

De oficio ou por solicitude do interesado, a Alcaldía formularalle unha proposta á Xunta de Goberno Local, que será quen adopte o acordo, logo do ditame da Comisión de Persoal, Tránsito e Seguridade Cidadá.

A proposta da Alcaldía deberá conter expresamente:

Os motivos excepcionais de interese público relacionados coa actividade que se vai desenvolver e que motivan a súa concesión.

A zona ou as zonas en que se permitirá o estacionamento.

O horario en que se permitirá o estacionamento (poderá ser ilimitado).

O período de tempo de validez (non superior a un ano).

Para elaborar a proposta, a Alcaldía poderá realizar as comprobacións que estime oportunas e demandar os informes que considere pertinentes. En tal caso, incorporaranse ao expediente.

4.-As tarxetas especiais concederáas directamente a Alcaldía e terán unha validez polo período de tempo que nelas se estableza. Porén, polos mesmos motivos que para a súa concesión, poderán ser renovadas.

### **Artigo 8º.**

Poderán obter para os seus vehículos turismos, mixtos ou asimilábeis a acreditación de residentes, as persoas que o soliciten, teñan o seu domicilio e estean empadroadas, dentro da área de aplicación desta ordenanza e que non dispoñan dunha praza de garaxe na zona ORA que lles corresponde.

Os residentes terán dereito á obtención dunha tarxeta coa validez dun trimestre, semestre ou ano natural, por vehículo turismo e mixto ou asimilábeis, ata un máximo de dúas tarxetas cando o titular sexa propietario de varios vehículos, e os seus requisitos de obtención son:

- a) A presentación no rexistro xeral do Concello ou en calquera dos lugares que establece o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, da correspondente solicitude. Os servizos do Concello elaborarán un modelo de solicitude.

A solicitude, debidamente cuberta, irá acompañada de:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo que deberá estar domiciliado, en todo caso, no Barco de Valdeorras.
- Declaración xurada de estar ao día coa facenda municipal (comprobarase de oficio).

- Declaración xurada de non dispor dunha praza de garaxe na zona ORA que lle corresponde (comprobarano de oficio os servizos municipais de xestión tributaria).
- Declaración xurada de estar empadroado no Barco de Valdeorras (comprobarase de oficio).

As fotocopias presentaranse debidamente compulsadas ou autenticadas.

A presentación de solicitudes deberase realizar quince días antes do trimestre, semestre ou ano natural en que deba producir efectos a tarxeta con distintivo de residente, agás na data da súa implantación. Non obstante, de solicitálas con posterioridade, poderanse outorgar mais sen dereito a redución ningunha no importe da taxa ou da tarifa para satisfacer.

- a) Os servizos municipais de estatística comprobarán que o solicitante está empadroado no domicilio que se indica.
- b) Os servizos municipais de recadación comprobarán que o solicitante se encontra ao corrente de calquera obriga de carácter económico co Concello, incluíndo en todo caso o imposto sobre os vehículos de tracción mecánica e as sancións firmes de tránsito impostas polo Concello.
- c) Os servizos municipais de xestión tributaria informarán sobre a titularidade catastral das prazas de garaxe do solicitante.
- d) Unha vez estimada a solicitude, retirarase a tarxeta no departamento correspondente do Concello, logo de realizar o pagamento da cantidade establecida na correspondente ordenanza fiscal reguladora da taxa ou, de ser o caso, na tarifa de prezos privados correspondente.
- e) A validez da tarxeta computarase por trimestre, semestre ou ano natural, especificando na antedita tarxeta o momento da súa caducidade.
- f) O estacionamento do vehículo fóra da zona ORA que lle corresponde a cada tarxeta suporá que o suxeito deberá obter o correspondente ticket horario de aparcamento como calquera outro suxeito.
- g) A tarxeta correspondente ao trimestre, semestre ou ano en curso deberase levar no parabrisas dianteiro e nun lugar visíbel.

### **Artigo 9º.**

Para estacionar dentro das zonas reguladas polo presente regulamento deberase exhibir na parte interior do parabrisas do vehículo, de xeito totalmente visíbel dende o exterior:

-ou ben o ticket expedido polo expendedor automático instalado para o efecto na zona onde se efectúe o estacionamento, que servirá como comprobante horario.

-ou ben a correspondente tarxeta de residente, especial ou de minusválido.

### **Artigo 10º.**

No caso de aviso de denuncia por exceder o tempo de estacionamento permitido, sempre que non for maior de 1 hora, o usuario poderá anular a tramitación da denuncia mediante a obtención nas mesmas máquinas expendedoras dun segundo ticket especial de “exceso” en que constará a hora da súa expedición.

Este ticket pospago, co primeiro e mais co aviso de denuncia, introduciranse nun pequeno sobre dentro da caixa de correo situada en cada aparello expendedor.

### **Artigo 11º.**

Apreciaranse como infraccións a esta ordenanza, durante o horario de funcionamento do servizo, e serán consideradas como infraccións de estacionamento de vehículos nun lugar prohibido:

- a) O estacionamento efectuado por un espazo de tempo superior ao sinalado no ticket.
- b) O estacionamento fóra do perímetro sinalado na calzada como zona de aparcadoiro.
- c) Permanecer estacionado máis de dúas horas consecutivas nunha mesma rúa ou praza, durante as horas de actividade do servizo.
- d) O estacionamento efectuado sen ticket válido.
- e) Utilizar unha tarxeta de autorización de estacionamento anulada ou manipulada.
- f) Utilizar un ticket horario de aparcamento manipulado.
- g) Utilizar unha tarxeta de autorización de estacionamento nun vehículo distinto ao que aparece sinalado no devandito documento.

As infraccións descritas denunciaranas os axentes da autoridade. No caso de concesión do servizo, os vixilantes da empresa concesionaria do servizo poderán formular denuncia voluntaria que anunciarán documentalmente no parabrisas do vehículo e na cal indicarán os datos deste, así como a presunta infracción cometida.

### **Artigo 12º.**

A infracción por este estacionamento prohibido será sancionada pola Alcaldía cunha multa de:

- 30 euros polas infraccións dos apartados a), b) e c).
- 48 euros polas infraccións do apartado d).
- 90 euros e retirada da “acreditación da autorización de estacionamento” nas infraccións dos apartados e), f) e g).

O pagamento da multa efectuado dentro dos dez días seguintes á notificación da denuncia comportará unha dedución do 30 por 100 do seu importe.

Sen prexuízo do exposto, os axentes da Policía Local denunciarán as infraccións non previstas anteriormente que se cometan na zona ORA (ou en calquera outra de titularidade municipal) e que se recollen como tales no Regulamento xeral de circulación, na Ordenanza municipal reguladora da circulación e a demais normativa en vigor en materia de tránsito e seguridade viaria.

### **Artigo 13º.**

O Concello realizará a retirada e o traslado ao depósito municipal dun vehículo cando permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal para o estacionamento con limitación horaria sen colocar o distintivo que o autoriza, ou cando rebase o dobre do tempo aboado consonte co establecido na correspondente ordenanza municipal reguladora da taxa ou, de ser o caso, na correspondente tarifa de prezos privados.

Ademais, e antes da retirada do vehículo, será obrigatoria a formulación da oportuna denuncia polos axentes da autoridade.

A retirada dos vehículos prevista neste artigo ten o seu fundamento na necesidade de recuperar, por parte da autoridade municipal, a libre dispoñibilidade do espazo público indebidamente ocupado, e isto de conformidade co disposto nos artigos 70 e 71 do Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e demais normativa vixente en materia de tránsito e seguridade viaria.

### **Disposición Derradeira.**

Primeira.- O presente Regulamento, que foi aprobado definitivamente, entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no *Boletín Oficial da Provincia*, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Sen prexuízo disto, a súa aplicación efectiva non se producirá en tanto o Concello, xa sexa a través da xestión directa ou indirecta, non dote os medios persoais e materiais necesarios para a súa posta en práctica.

Segunda.- No non previsto neste regulamento haberá que aterse no pertinente ao disposto na normativa sobre tránsito, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, así como ás correspondentes ordenanzas municipais.

Terceira.- As normas contidas neste Regulamento continuarán en vigor ata a súa modificación, actualización, acomodación ou derogación expresa.

Cuarta.- Autorízase a Alcaldía para ditar cantas instrucións foren precisas para a correcta aplicación do presente regulamento.

### **Recursos:**

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo de que interpoña calquera outro que estime oportuno e sexa aceptábel en Dereito, de conformidade co establecido na Lei 30/1992 e na Lei 29/1998:

- a) Ou ben recurso potestativo de reposición para resolver polo Pleno da corporación, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación deste acordo. O recurso deberá interpoñerse ante o Pleno.
- b) Ou ben recurso contencioso-administrativo directo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á notificación deste acordo. O recurso contencioso-administrativo deberá interpoñerse ante o Xulgado do Contencioso con sede en Ourense.

O Barco de Valdeorras, 13 de decembro de 2004. O alcalde.

## O Barco de Valdeorras

### Anuncio

Trala aprobación inicial, o 4 de maio de 2006, da modificación do Regulamento municipal regulador do servizo de ordenación do aparcamento de vehículos na vía pública, nos seus artigos 3, 5.i), 7.2.c) e 7.4, e dado que durante o período de información pública non se presentaron reclamacións ou alegacións, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, enténdese definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. De conformidade co previsto no artigo 70 da Lei 7/1985, publícase o texto íntegro da modificación para os efectos da súa entrada en vigor no prazo do artigo 65.2 da Lei 7/1985.

### **Modificación do Regulamento municipal regulador do servizo de ordenación e regulación do aparcamento de vehículos na vía pública, nos seus artigos 3, 5.i), 7.2.c) e 7.4.**

#### **Artigo 3.**

A zona do concello que regula este servizo denomínase zona ORA (Operación reguladora do aparcamento) e comprende as seguintes vías urbanas:

Conde Fenosa
Abdón Blanco
Eulogio Fernández
A Estación
Príncipe de Asturias
Marcelino Suárez
Paseo do Malecón (zona Casino); Paseo do Malecón (dende a rúa da Academia Dequidt até a rúa da Estación).
José Otero
Academia Dequidt
Doutor Pérez Lista
Pescadores
Álvaro Cunqueiro
A Valorca
España
Praza da Igrexa
Manuel Quiroga (até a rúa do Cantón)
Praza de Andrés de Prada
Praza Maior
San Mauro
Rosalía de Castro
Profesor Eloi Mira (dende a rúa de Marcelino Suárez até a praza da Igrexa)

Todas estas vías públicas poderán ser reguladas nunha zona única ou en distintas zonas e subzonas en función do mellor aproveitamento daquelas.

Exclúense os espazos reservados para pasaxes permanentes (“vaos”), carga e descarga ás horas sinaladas, mercados ao aire libre durante a súa realización, prazas reservadas a minusválidos, reservas oficiais, paradas de bus e de taxi, servizos de urxencia, rúas peonís ou treitos de rúas onde estea prohibido o estacionamento.

Poderán destinarse determinadas rúas ao uso exclusivo de residentes.

**Artigo 5.i)** Os vehículos vinculados a unha tarxeta de estacionamento para minusválidos (nos termos previstos na súa correspondente ordenanza), nas prazas reservadas a minusválidos.

**Artigo 7.2.c)** Tarxetas de estacionamento para minusválidos (nos termos previstos na súa correspondente ordenanza).

**Artigo 7.4.** As tarxetas especiais serán concedidas directamente pola Xunta de Goberno Local e terán validez polo período de tempo que nelas se estableza. Non obstante, polos mesmos motivos que para a súa concesión, poderán ser renovadas.

O Barco de Valdeorras, 10 de xullo de 2006. O alcalde.